

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:

Facer cine en Galicia. Hollywood, a un paso

Autor/es:

Castelo, Miguel

Citar como:

Castelo, M. (1992). Facer cine en Galicia. Hollywood, a un paso. Vértigo. Revista de cine. (2):9-12.

Documento descargado de:

<http://hdl.handle.net/10251/42915>

Copyright: Todos los derechos reservados.


Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



FACER CINE EN GALICIA



HOLLYWOOD, A UN PASO

MIGUEL CASTELO

Se cadra non sexa ocioso afirmar, máis unha vez, que *facer cine* conleva unhas complicacións inherentes, alleas a calquera outro proceso de fabricación industrial.

En toda produción hai valados que se poden choutar con medios económicos. Mais, non toda produción dispón dos medios económicos precisos.

Por outro lado, ou polo mesmo, o cine -eis unha das razóns da súa grandeza- está suxeito -máis que nengunha outra expresión artística-, no seu proceso de construción, á incertidume do vento do azar.

Se a todo este inamovible status se lle engade a condición ... "*en Galiza*", as dificultades chegan ao límite do indecible e a materialización de calquera proxecto raia no ámbito da taumatúrxia.

Abordar case o total dos distintos cometidos -mesmo os *pracenteiros e gratificantes* labores burocrático-administrativos- que interveñen no proceso de construción dun filme supón a realización dun esforzo só mensurable desde a mesma experiencia. Non se trata, abofé, de facer o pranto. Se nisto andamos é por propia decisión e, ben é sabido que sarna con gusto non pica.

Mais que, realizado proxecto, ou sexa, convertido este en película, ademais de lle ter que organizar unha "campana" informativa e uns circuitos, haxa tamén que lle facer a crítica non deixa de ser cousa simpática, pero sobre todo amolante.

Doado é comprender que os medios de comunicación, mesmo os especializados, teñan outros temas -mesmo cinematográficos- de maior interese para os constituir en obxecto de información e análise. E do mesmo xeito que se non discute esta liberdade de elección, solicita-se o dereito a no querer ver a corrida desde a area porque, de todos é sabido, desde onde se ven mellor os touros é desde a barreira. Ademais, doutores ten a...

Así que, permitide-me *vertixinosos* amigos que troque o voso convite a "falar" do meu traballo fílmico, do que só apunto unhas xeralidades, por esta outra, para min máis cómoda, colaboración.

- Galiza é un país eminentemente cinematográfico. Tan cinematográfico como o mesmo Hollywood. De certo, a única diferenca entre a rexión californiana onde se asenta a mítica cidade e o noso país radica no índice pluviométrico. Como é ben sabido, tan raro é que aló chova, como que aquí non caian con natural frecuencia, cando menos, choviscadas.

- Certo. E esta cativa desemeianza non ten porque supor atranco nengún para o desenvolvemento dunha cinematografía propia, as historias da cal resultarían máis choviñentas do que as norteamericanas; o que, lonxe de ser unha interquiénica, resultaría unha interesante ventaxe: pasadas por auga, as nosas historias terían o necesario marchamo, preciso para empatar cos públicos, situar-se no mercado e, con todos os dereitos, establecer unha séria e leal competencia coa industria norteamericana homóloga. Deste xeito, non habería que depender das aldraxantes subvencións.

O ton constructivo da conversa foi neste punto interrompido por un terceiro contertulio que, remexendo no café que lle acababan de servir, introducía con decisión a desidénica no harmónico discorrer do coloquio.

- Seica vós non coñecedes a senténica bíblica "Fai o que vises" ou a máis enxebre de "Entre lobos hai que oubear como todos"?

- Temos, logo, que emigrar? Que nos ir instalar en Hollywood e montar alí a nosa industria?

Inquiriu, interesado e curioso, un cuarto, ao que respondeu tallante o interpelado.

- Non, precisamente. O que temos que facer, como profesionais que somos, é botar man dos nosos medios e da nosa recoñecida imaxinación e, sen complexos, contar historias como as contan eles: historias universais. Os localismos xa no lle interesan a nengún. Fixade-vos en "Thelma & Louise"...

- Non me faledes de



MACANA DE DOTE, CHE

Comédia, fábula, esperpento

Macana de dote, ché conta a historia de como un desocupado sen futuro consegue pasar a formar parte dunha acaudalada familia de novos ricos através do seu casorio coa filla herdeira.

Facedores da súa fortuna na emigración arxentina, os proxenitores da rica moza, de novo na Terra, agora ben instalados, non ven con bos ollos a relación da súa filla con este ninguén, que non pertence á "sua clase social". Mais,

Escrita por **Euloxio R. Ruibal** (Prémio Alvaro Cunqueiro 1989) **Macana de dote, ché** é unha comédia que se move entre o esperpento e a fábula; un relato, alonxado do naturalismo, no que se fan chocar aspectos domésticos "realistas" co elemento fantástico, á procura, na súa colisión, da representación dun mundo irreal, pero verosímil, con intencionalidade crítica.

Interpretada, nos seus papeis principais, polos muradáns **Xosé Manuel Oliveira "Pico"** (*Ceronio*) e **Xosé Agrelo Hermo** (*Galisindo*), a compostelana **Pitusa Paz** (*Bartolo*), a coruñesa **María Pujalte** (*Polita*) e a portuguesa **Glória Férias** (*Asperia*), primeira colaboración da produción audio-visual galega co país viciño. **Macana de dote, che** é unha historia na que, através de situacións ambíguas e grotescas, se reflexiona sobre a perda da identidade persoal e se poñen en cuestión o egoísmo, a raposería e o interesado esquecemento dos valores morais, e que remata cun irónico "happy end."

"*Thelma & Louise*" -interrompiu un quinto-. *Estou farto de tanta complacente unanimidade. E qué nenguén se deu de conta da disociación entre o narrado e o vacuo estilismo do seu preciosista realizador, quen ten...*

- *Por favor... Non desvies o curso da discusión* -terciou un dos "harmónicos", temeroso da perda do ramal da conversa-. *Estamos a tratar de aspectos estruturais, non de filmes concretos.*

No local, un dos poucos que quedaban na cidade con aparencia de "café", entraba e saía xente. E, tanto os transeuntes como os sedentarios, mesmo os das mesas contíguas, ás súas cousas, permanecían alleos á polémica audio-visual. Non se decataban, nen sequera podían imaxinar que alí mesmo, á beira deles, tivese lugar conversa de tanta transcendencia. Nestas matinações andaba outro dos presentes -inmerecente do calificativo de contertulio, dada a súa condición de mudo vocacional-, ao tempo ocupado en facer o seguimento visual de unha rechamante loira, corpiño xeitoso, a falar nese instante co home da barra. Na panorámica do seu plano-secuencia, a poderosa moza desfacia agora a traxectoria andada. O seu decidido camiñar proporcionaba o conveniente movemento á escena e enchía de inconfesabeis suxerencias a mente do despistado, malia atento observador.

Nestas, como se dunha posta en escena previamente estudada se tratase, o plano encheu-se dun novo movemento: a saída de campo da simpática rapaza coincidía ao milímetro coa entrada dun novo personaxe. Nen ensaiado saíra mellor.

O novo era un antigo frecuentador das periódicas reunións, que decidira deixar o exercicio da confrontación dialéctica da hora do café para dedicar ese tempo a actividades, segundo el, máis proveitosas. Entrara a comprar tabaco e topou de cheo co fragor da conversa. Os tertulianos chamaron por el e este achegou-se á mesa, irónico e xovial.

- *Qué? Seguides a mallar no mesmo centeo?* -espetou-lles,

sen perder o sorriso, a xeito de saúdo-. *Literatura é o que hai que facer. Que aí non hai travellings, gruas nen presupostos... Deixadevos de cine e de utopias de arco de vella.*


A tentativa de resposta á provocación quedou interrompida por un coñecido, máis non por iso menos sorprendente ruído: o do súbito e forte bater da choiva na vidreira próxima. Cara alí viraron a un tempo todos a cabeza, como obedecendo, disciplinados, a indicación dun imaxinario rexedor. A lua augaxenta ofrecía o interesante aspecto dunha pantalla traslúcida, através da que -quentiños, desde o interior- se podían ver, en coreográfico *flou*, as desdebuxadas figuras dos viandantes a se cruzar axiña nun improvisado e perentorio *ballet*. Mágoa de cámara! Lástima ter que deixar ir tan simpática

bailadela!

Espertou alvoreado. A pedriza batía arreo na xanela do cuarto e o seu repinicar misturábase cos lediciosos berros dos nenos dos viciños que, alporizados, celebraban o fenómeno atmosférico.

Atordoado, como puido, colleu o reloxo: eran as nove e vintecinco e no medio do seu aloutamento lembrou que quedara ás nove para recoller e comentar un presuposto. Xa estaba a pique de rematar o prazo da convocatoria do ano de axuda á produción audio-visual e quedaban-lle aínda unha chea de cousas que facer para completar o proxecto. Tiña ademais varias cartas pendentes, un considerable número de facturas que contabilizar e unha morea de chamadas telefónicas, parte das que, sabía-o, terían que quedar aprazadas.





Rodaxe de
MACANA DE DOTE, CHE.

Página de guión de
MACANA DE DOTE, CHE.

Nesta precipitada película andaba cando sonou, molesto, o timbre do teléfono. A mesta nube vermella que inundaba a súa cabeza foi espaxoando vagarosamente e, ao ir volvendo en sí, sorprendeu-se deitado: superado polo desorde da roupa da cama, pouco a pouco foi-se decatando de que ao balbordo telefónico sumaba-se o irritante zunido do espertador. Apagou-no con torpeza e, adurmiñado, botou-se da cama camiño do teléfono.

Era a persoa coa quedara; xa tiña listo o presuposto, pero surxíralle un problema e non se poderían ver até mañá. Que lle ía facer. Despediu-se finxindo estar moi autente. O reloxo que estaba na mesiña do teléfono marcaba as nove e vinteseite. Ollou pola fiestra: non chovía, pero non lle había faltar moito.

Camiño do cuarto de baño, tentou dilucidar se era peor o pesadelo da noite ou o que o agardaba ese día. Que máis ten, pensou, para que cabrear-se, **total temos Hollywood a un paso**. Meteu-se na bañeira e un chisco antes de lle dar á billa da auga sentiu o seu efecto sonoro. Sorprendido, pensou se seguía a soñar e fugaces imaxes sobre problemas de sincronía atravesaron-lle polo maxín. Descorreu a cortina do baño e mirou a cara o xaneliño para comprobar o que finalmente pensara. Efectivamente: chovía.

MIGUEL CASTELO

Director de O PAI DE MIGUELIÑO (1977)
e MACANA DE DOTE, CHE (1990)

5.- CASA POLITA. Salón. Int. Día.

Salón pretendidamente luxoso, con móveis e decoración de mal gosto. Ceronio está sentado nun sillón, fronte ó pai de Polita, don Galisindo, sesentón manteigoso e baldrocas. Hai pouco que lles serviron café a Ceronio e mate a Galisindo, con pasteis e confituras varias.

GALISINDO.- Non che oculto, xoven, que te recibín na miña casa a esbagullantes pregos da miña filla; p'ro isto non quere dicir que acceda a aprobar esas ...relacións, como enganosamente poidera desprenderse, senón que sigo a manterme firme e inalterábel polo que a iso respecta. ¿Comprendes, ché?...

CERONIO.- Si, don Galisindo, comprendo...

GALISINDO.- Disposto estou a escoitarte, aínda que non coñeza os motivos desta precipitada e inusual visita. Por un home cabal e razoábel me teño; como tal son apreciado e considerado por todos.

Galisindo sorbe mate; Ceronio, despois de botarlle zucre, remexe o café.

CERONIO.- Certo, don Galisindo.

GALISINDO.- Polos informes que sobre vós obran no meu poder, dedúcese que non tenés oficio nen beneficio...

CERONIO.- Ben... Pois... Teño en proxecto...

GALISINDO.- Non me parolés de proxectos, ché. Acostumo a tratar de realidades concretas, non de soños, quimeiras e fantasías propias da efémera e torda xuventude. Hai que ollar cara o porvir, ché. Os pibes só soñades no futuro; mais non o constrúides nen o traballades... Nada sabedes do que signifique sacrificio, esforzo, tesón... Carecedes de afouteza, constancia, fortaleza.

CERONIO.- Tal vez ... Mais eu quería...

GALISINDO.- Non abonda con querer, xoven. Cómpre loitar, conquistar, gañar, triunfar.

CERONIO.- Xa, xa, don Galisindo, p'ro...

GALISINDO.- Esta vida non está feita p'ra os febles, que nunca chegan a nada; decote fican a medio camiño ou, moitas veces, nen sequera se atreven a encetalo. Pertence ós valentes, ós loitadores, ós teimudos, ós cobizosos... Só eles acadan fortuna, sona, poder, inmortalidade...

Ceronio segue a remexer o café. Galisindo sorbe mate de novo.